

En busca dun tesouro enterrado

Hai unha época na vida de todo rapaz na que este desexa, máis que nada no mundo, saír por aí e desenterrar un tesouro escondido. Este desexo tamén lle veu de súpeto un día a Tom. Foi en busca de Joe Harper, pero fracasou. Logo buscou a Ben Rogers: fora pescar. Encontrouse despois con Huck Finn “Man Vermella”, e expúxolle confidencialmente o asunto. Huck mostrouse encantado. Sempre estaba disposto a participar en calquera empresa que ofrecese distracción e non esixise capital, porque tiña máis que dabondo desa clase de tempo que non é ouro.

- Onde temos que cavar? - Preguntou Huck.
- Bah! En calquera lugar.
- E logo hai tesouros agochados por todas partes?
- Non. Están escondidos en lugares moi determinados, Huck.
- E quen os esconde?
- Os ladróns, quen querías que fose?
- Pois non sei. Se fosen meus non os enterraría, gastaríaos e levaría unha boa vida.
- Eu tamén, pero os ladróns non o fan así; escóndenos e déixanos alí.
- E nunca volven despois para buscalos?
- Non volven; teñen intención de facelo, pero polo xeral esquécense dos sinais ou morren. Pasado algún tempo, algún atopa un vello papel amarelado onde se explica como atopar os sinais; un papel que se tarda máis dunha semana en descifrar, porque todo el son signos e xeróglifos.
- Xo..que?
- Xeróglifos, debuxos e símbolos que parecen non significar cousa ningunha.
- E ti tes algún dese papeis, Tom?
- Non teño.
- Pois entón, como vas atopar os sinais?
- Non precisamos ningún sinal. Sempre os enterran debaixo dunha casa encantada, ou nunha illa, ou debaixo dunha árbore seca que teña unha póla que sobresaia. Na illa de Jackson xa buscamos. Podemos intentalo na casa encantada, xunta o regueiro de Still House, e tamén hai moitas árbores con pólas mortas, moreas delas.
- E hai tesouros debaixo de todas as árbores?
- Que parvadas dis! Non!
- Daquela, como saberemos debaixo de cal está?
- Rexistrarémolas todas.
- Pero Tom, iso vainos levar o verán enteiro!
- E que? Supón que atopas un caldeiro de cobre con cen dólares balorentos e descoloridos, ou unha arca podre chea de diamantes. Que che parece?
- Paréceme de primeira? Por min, dáme os cen dólares. Eu non quero os diamantes.

Armáronse pois dunha vella picaraña e dunha pa e emprenderon aquela camiñada de tres millas. Traballaron e suaron, sen resultado, durante media hora. Despois traballaron outra media hora, tamén sen resultado.

- Entérrano sempre tan fondo? Preguntou Huck.
- Polo xeral non. Creo que non atinamos co sitio.

Escoilleron entón outro lugar e comezaron de novo. Cavaron en silencio durante algún tempo.

- Ah! Xa sei o que pasa! Que idiotas somos. Debemos atopar primeiro onde cae a sombra da póla a medianoite e cavar alí.
- Arre demo! E estivemos traballando en balde durante todo este tempo? Temos que volver á noite. Poderás saír?
- Supoño que si. Ademais temos que facelo esta noite, porque se alguén ve os buratos saberá enseguida de que se trata e empezará a buscar pola súa conta.
- Virei á noite e miañarei.
- Conforme.

Pola noite, máis ou menos á hora sinalada, atopáronse alí os dous rapaces e sentaron algún tempo á espera, na escuridade.

Comentario da lectura

- 1.- Di o significado que teñen no texto: capital, picaraña, miañar.
- 2.- Quen enterra os tesouros? E segundo Tom, por que nunca volven buscalos?
- 3.- Personaxes do texto.
- 4.- Que idade cres que poden ter? Por que?
- 5.- Narrador. Xustifícao con algunha oración.
- 6.- Tempo da narración.
- 7.- En que época do ano ten lugar esta historia? Por que?
- 8.- Fai o resumo.

